

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 27 DE OUTUBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xermade duns treitos antigos das estradas LU-170 e LU-861 xunto co seu dominio público viario asociado.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Covelo do treito final da EP-5105 Maceira-A Graña, desde o p.q. 10+250 ata o p.q. 11+411.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a zona de reestruturación parcelaria de Soutochao (Vilardevós-Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a zona de reestruturación parcelaria de Cristimil (Lalín-Pontevedra).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a zona de reestruturación parcelaria de Galegos (Lalín-Pontevedra).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a zona de reestruturación parcelaria de Goiás-Xaxán-A Veiga (Lalín-Pontevedra).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico a planta de produción de metanol verde, proxecto Triskelion, en Mugardos, promovido por Forestal del Atlántico, S.A.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproba o Mapa de Xeodestinos de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Riós para a execución da actuación denominada "Mellora da rede de saneamento e abastecemento de Navallo. Riós (Ourense)", financiado ao 100 % a parte elexible pola Unión Europea no marco do Eixo React UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, mediante tramitación anticipada de gasto, por importe de catrocentos seis mil seiscentos seis euros con sesenta e sete céntimos (406.606,67€).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Sada para a execución da obra do "Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)", por importe dez millóns trescentos seis mil setecentos vinte e sete euros con oitenta e nove céntimos (10.306.727,89€), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada "Mellora da capacidade e seguridade da AC-862. Treito AG-64 - Ponte Mera. PP.QQ. 37+240 - 40+500", cun orzamento base de licitación de seis millóns setecentos noventa e un mil novecentos trinta e cinco euros con doce céntimos (6.791.935,12€) e un valor estimado de cinco millóns seiscentos trece mil cento sesenta e nove euros con cincuenta e dous céntimos (5.613.169,52€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Chantada para levar a cabo a creación dunha biblioteca municipal por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e catro euros (658.864,00€) e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a "Axenda de Impulso da Minería Sustentable de Galicia (AMSG) 2030".

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a convocatoria de subvencións a clubs e federacións deportivas de Galicia para a adquisición de equipamento deportivo no exercicio 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a interposición de recurso contencioso-administrativo contra as resolucións do 29 de agosto de 2022 do secretario de Estado de Medio Ambiente polas que se formalizan os compromisos financeiros con determinadas comunidades autónomas do exercicio 2022, da liña “para comunidades autónomas para realizar medidas preventivas na xestión do lobo ibérico” e a liña “para comunidades autónomas para paliar danos producidos polo lobo ibérico á gandaría extensiva”.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre a orde de axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe para a implantación dun programa de apoio integral aos pacientes con ELA e as súas familias.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a posta en funcionamento do portal web da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Informe sobre as actuacións de recuperación e potenciación dos viveiros públicos da Falmega, Santa Cruz, San Breixo e dos Trollos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE XERMADE DE DOUS TREITOS ANTIGOS DAS ESTRADAS LU-170 E LU-861

- Transfírense o treito de 611 metros correspondente co final da LU-170, que comunica Parga e Cabreiros, e un treito de 130 metros na vía autonómica LU-861, que une Vilalba co límite da provincia en Igrexafeita
- O cambio de titularidade inclúe tamén o dominio público viario asociado a eses dous treitos de estrada
- O Concello asume a titularidade destes treitos e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xermade dun treito antigo da estrada autonómica LU-170, que comunica Parga e Cabreiros; e dun treito antigo da LU-861, que une Vilalba ata o límite da provincia en Igrexafeita. Ambos os dous treitos transfírense xunto co seu dominio público viario asociado.

Concretamente, transfírense a titularidade do treito antigo da LU-170, con inicio no punto quilométrico 28+960 da marxe dereita da actual LU-170 e ata o quilómetro 15+510 da marxe esquerda da LU-861, cunha lonxitude de 611 metros aproximadamente, ademais dos 12.189 m² de superficie do seu dominio público.

Tamén se transfírense o treito antigo da LU-861, na súa marxe esquerda, entre o punto quilométrico 16+020 e o 16+140, cunha lonxitude aproximada de 130 metros, e a superficie do seu dominio público asociado, 2.553 m².

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Xermade terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxe amósanse os tramos obxecto de transferencia autorizada hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE COVELO DO TREITO FINAL DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA OS NÚCLEOS DE MACEIRA E A GRAÑA

- Transfírese o último treito de aproximadamente 1.200 metros da EP-5105
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade destas estradas provinciais o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar neses treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Covelo do treito final da estrada provincial EP-5105, entre os núcleos de Maceira e A Graña.

O Concello de Covelo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade deste viario.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade deste treito, de aproximadamente 1.200 metros de lonxitude, comprendido entre os puntos quilométricos 10+250 e 11+411 da EP-5105.

A transferencia a prol do Concello de Covelo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Covelo terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ámbito do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA CATRO NOVAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA NOS CONCELLOS DE VILARDEVÓS E LALÍN QUE REORGANIZARÁN MÁIS DE 4.000 HECTÁREAS DE TERREO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos que inician os procesos das zonas de Soutochao (Vilardevós) e de Cristimil, Galegos e de Goiás-Xaxán-A Veiga (Lalín), que beneficiarán máis de 2.300 propietarios
- A Xunta cumpre o compromiso adquirido de decretar novas concentracións parcelarias por cada proceso con títulos entregados, coa previsión de decretar outras 10 zonas máis este ano
- Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaranse 28 novas concentracións, que abarcan un total de 23.524 ha e 109.433 parcelas de 15.586 titulares
- As parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza semanal catro decretos da Consellería do Medio Rural polos que se declaran de utilidade pública as concentracións parcelarias de Soutochao (Vilardevós), Cristimil, Galegos e Goiás-Xaxán-A Veiga (Lalín). Deste xeito, mediante a concentración global de algo máis de 4.000 hectáreas relativas a estes catro procesos, veranse beneficiados máis de 2.300 propietarios.

Así, cómpre sinalar que o proceso de Soutochao (Vilardevós) afectará unha superficie total 621 hectáreas, repartidas en 3.285 parcelas propiedade de 714 veciños. A parcelaria de Cristimil (Lalín) reorganizará unha superficie total de 455 hectáreas, repartidas en 3.330 parcelas de 235 veciños. A concentración de Galegos (Lalín) reestruturará unha superficie de 431 hectáreas repartidas en 2.308 parcelas propiedade de 187 veciños. Por último, o proceso de Goiás-Xaxán-A Veiga (Lalín) afectará unha superficie de 2.589 hectáreas, repartidas en 8.084 parcelas propiedade de 1.207 veciños.

Desta forma, cómpre indicar tamén que estes catro novos decretos de concentración parcelaria decláranse mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Por iso, os catro procesos foron solicitados por titulares de explotacións e apoiados polos respectivos concellos. No caso da parroquia de Vilardevós, hai un total de 8 explotacións activas, mentres que nas parroquias de Lalín hai un total de 223 (27 en Cristimil, 40 en Galegos e 156 na terceira zona), de aí a necesidade de reorganizar o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

Novos procesos que se decretan

Estes decretos súmanse aos outros nove aprobados no último mes polo Goberno galego e que porán en marcha novas concentracións parcelarias nos concellos de Abadín, Becerreá, Baños de Molgas, Castroverde, Petín, Rairiz de Veiga, Caldas de Reis, Dozón e Valga. Ademais destes 13 novos procesos, a Xunta prevé decretar este ano outras 10 zonas de concentración parcelaria, que se sumarán ás cinco parcelarias decretadas no ano 2021 -as primeiras desde a entrada en vigor da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia- en Outeiro de Rei, Ordes, Friol e Castro de Rei.

Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaranse 28 novas concentracións, que abarcan un total de 23.524 ha e 109.433 parcelas de 15.586 titulares. Precisamente, cabe sinalar que por cada proceso finalizado (con títulos de propiedade entregados aos veciños), a Xunta decretará unha nova zona de concentración parcelaria para loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva co aumento da base territorial das explotacións.

Así, cabe engadir que entre o ano 2020 e o que vai de 2022, a Xunta rematou un total de 23 concentracións parcelarias, que abarcaron unha superficie total de case 16.600 hectáreas, beneficiando máis de 10.600 propietarios que recibiron arredor de 24.200 títulos de propiedade.

Lei de recuperación

As concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade. De aí que se investisen nos distintos procesos de concentración máis de 118 millóns de euros desde o ano 2009, e o orzamento previsto para este 2022 é de 12 millóns.

Por iso, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que veu complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei da mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga). Así, na nova lei apóstase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, as aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

forma, estase a mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A PLANTA DE METANOL VERDE QUE PROMOVE FORESTAL DEL ATLÁNTICO EN MUGARDOS COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO PARA GALICIA

- Cun investimento de 176M€, a iniciativa Triskelion suporá unha importante dinamización do emprego industrial da comarca mediante a creación de 40 empregos directos tras a súa posta en marcha
- O proxecto céntrase na fabricación de metanol verde a partir de dióxido de carbono capturado nas actuais instalacións da empresa, e de hidróxeno producido por electrólise da auga utilizando enerxía eléctrica de orixe renovable
- No proceso tamén se obterá osíxeno que se licuará e almacenará para a súa comercialización
- Prevese a fabricación de ata 61.100 toneladas anuais de osíxeno e 40.000 de metanol verde, que permitirán cubrir a demanda enerxética da propia compañía e destinar parte para a súa venda directa como materia prima de cara á fabricación de biocombustibles
- Este acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, á vez que se manteñen todas as garantías xurídicas, técnicas e medioambientais durante a tramitación
- Trátase da terceira iniciativa declarada proxecto industrial estratéxico, tras a planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP e a de pneumáticos de Sentury Tire, ambas as dúas no concello das Pontes

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a declaración do terceiro proxecto industrial estratéxico de Galicia. Trátase da iniciativa promovida por Forestal del Atlántico para a implantación dunha planta de metanol verde en Mugardos.

Cun investimento de 176M€ e a previsión de crear 40 empregos directos tras a posta en marcha das instalacións, o proxecto Triskelion contribuirá á descarbonización do sector industrial galego.

O obxectivo principal do proxecto é a fabricación de metanol verde a partir de dióxido de carbono capturado nas actuais instalacións da empresa, e de hidróxeno producido por electrólise da auga utilizando enerxía eléctrica de orixe renovable. Obterase tamén no proceso osíxeno que se licuará e almacenará para a súa comercialización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As instalacións industriais proxectadas prevén a fabricación de 40.000 toneladas anuais de metanol verde e ata 61.100 toneladas anuais de oxíxeno. Contará cunha planta de captación de CO₂, outra para a fabricación de hidróxeno verde e un centro de fabricación de metanol verde a partir tanto do CO₂ captado como do hidróxeno obtido. A produción que se alcance permitirá cubrir a demanda enerxética da propia compañía e destinar parte para a súa venda directa como materia prima de cara á fabricación de biocombustibles.

Os principais aspectos innovadores do proxecto son a substitución da materia fósil utilizada na fabricación de metanol por materias primas renovables, como o hidróxeno verde, e o aproveitamento de elementos como o CO₂. Tamén destaca a integración de tecnoloxías actualmente existentes, combinadas nun novo proceso de fabricación que permitirá poñer ao dispor do mercado un novo produto, o metanol verde, así como os propios produtos resultantes do proceso, como o osíxeno verde, nun verdadeiro proceso de economía circular.

Este proxecto foi un dos 15 europeos (de entre máis de 200) que obtivo financiamento nos Innovation Fund para o programa de asesoramento do Banco Europeo de Investimentos (Project Development Assistance). No ámbito dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, optan ás axudas do Perte do hidróxeno (programa de axudas á cadea de valor do Hidróxeno Renovable).

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que busca a captación de investimentos. Permitirá a redución á metade dos prazos -agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos- mantendo as garantías técnicas, xurídicas e medioambientais.

A iniciativa súmase á declaración tamén como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, a planta de hidróxeno verde promovida por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; e á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén nas Pontes. Estas tres iniciativas suporán unha mobilización global de máis de 863 millóns de euros e ao redor de 850 empregos.

A planta de Forestal del Atlántico cumpre con dous dos requisitos que permiten declarar a proposta como proxecto industrial estratéxico: un volume de investimento mínimo de 20M€ e complementa cadeas de valor e pertence a un sector considerado estratéxico e aliñado cos obxectivos da Unión Europea ou que se integra no financiamento Next Generation.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO MAPA DE XEODESTINOS DE GALICIA QUE AMPLÍA ATA 26 ÁREAS AS XEOGRÁFICAS DIFERENCIADAS

- A comunidade contará con 12 novos xeodestinos
- Trátase de espazos cunha homoxeneidade territorial que, xunto cos seus recursos turísticos, conforman unha identidade turística singular e diferenciada

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o novo mapa galego de xeodestinos turísticos de Galicia, elaborado por parte de Turismo de Galicia en colaboración cos concellos, ao que se suman 12 novos xeodestinos ata acadar 26 áreas xeográficas diferenciadas.

A través deste documento preténdese afondar na posta en valor dos xeodestinos como polos de desenvolvemento turístico no eido local e como axentes coordinadores e executores dunha xestión holística de destino para todo o territorio que abranguen.

Os xeodestinos turísticos de Galicia, son áreas ou espazos xeográficos que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto coa súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular que están en continua evolución.

O mapa de xeodestinos que estivo vixente ata a actualidade deseñouse no ano 2011 como ferramenta de promoción turística dándolle un pulo ao turismo experiencial, especializado e de calidade que representou un salto cualitativo á hora de entender o turismo desde o territorio, enriquecendo a singularidade e a diferenza de Galicia como multidestino.

Grazas á aprobación do novo mapa, a Comunidade contará cun total de 26 xeodestinos, 12 máis que ata o momento. Así, o mapa de xeodestinos con que contará Galicia son:

1. FERROLTERRA

Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmaior.

2. AS MARIÑAS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado dos Monxes.

3. COSTA DA MORTE

Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubiión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

4. TERRAS DE SANTIAGO

Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Padrón, Rois, Santa Comba, Teo, Val do Dubra e Vedra.

5. TERRAS DA COMARCA DE ORDES

Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.

6. ULLA – TAMBRE - MANDEO

Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Toques, Touro e Vilasantar.

7. RIA DE MUROS – NOIA

Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son

8. BARBANZA – AROUSA

Boiro, Dodro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira

9. MARIÑA LUCENSE

Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove.

10. TERRA CHA

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade.

11. COMARCA DE LUGO – TERRAS DA ULLOA

Antas de Ulla, Castrolande, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

12. ANCARES – TERRAS DE BURÓN

Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Lánchara, Meira, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribeira de Piquín e Sarria.

13. COUREL

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Folgoso do Courel, O Incio, Samos e Triacastela.

14. RIBEIRA SACRA

Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Chantada, Esgos, Manzaneda, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, A Pobra de Trives, A Pobra do Brollón, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo

15. RIBEIRO – CARBALLIÑO

Amoeiro, A Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Coles, Cortegada, O Irixo, Leiro, Maside, Melón, Piñor, Pontedeiva, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cristovo de Cea, Toén e Vilamarín.

16. CELANOVA – TERRAS DO XURÉS

Bande, Barbadás, A Bola, Cartelle, Celanova, Entrimo, Gomesende, Lobeira, Lobios, A Merca, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá.

17. ALLARIZ – MACEDA

Allariz, Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xunqueira de Ambía.

18. A LIMIA

Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras e Xinzo de Limia.

19. VERÍN – MONTERREI

Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Viana do Bolo, Vilardevós e Vilariño de Conso.

20. TREVINCA-VALDEORRAS

O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Rúa de Valdeorras, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras.

21. SALNÉS

Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa.

22. MAR DE SANTIAGO

Catoira, Pontecesures, Valga e Vilanova de Arousa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

23. TERRAS DE PONTEVEDRA – MORRAZO

Barro, Bueu, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cangas, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, A Lama, Marín, Moaña, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Portas e Vilaboa.

24. RÍA DE VIGO – BAIXO MIÑO

Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño e Tui.

25. CONDADO PARADANTA

Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra do Miño.

26. DEZA – TABEIRÓS

Agolada, Dozón, A Estrada, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



UNIÓN EUROPEA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE RIÓS PARA A RENOVACIÓN E MELLORA DO ABASTECIMENTO E DO SANEAMENTO NO NÚCLEO DO NAVALLO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 405.000 €

- Dotarase definitivamente a parroquia de San Vicente do Navallo destes servizos, facilitando a implantación de actividades que xeren emprego e fixen poboación
- A Xunta alcanzará máis de 325.000€ e executará as obras, mentres que o Concello de Riós contribuirá coa cantidade restante, algo máis de 80.000€
- Una vez asinado o convenio, poderanse realizar neste ano os trámites para licitar as obras, co obxectivo de executar os traballos e entregar ao Concello as novas infraestruturas hidráulicas durante o vindeiro ano 2023
- A actuación beneficiará a 142 vivendas deste núcleo rural do municipio
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Riós para a renovación e mellora das redes de abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais no núcleo do Navallo, que suporá un investimento de máis de 405.000 euros.

O obxectivo é completar definitivamente a renovación e mellora das redes de abastecemento e saneamento existentes na parroquia de San Vicente do Navallo, proporcionando servizos básicos que faciliten a implantación de actividades que poidan xerar emprego e fixar a poboación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, alcanzará máis de 325.000 euros. O Concello de Riós contribuirá ao financiamento restante, algo máis de 80.000 euros.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e a execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, e tras a sinatura do convenio, poderanse realizar neste ano os trámites para licitar as obras. A previsión é executar os traballos e entregar ao Concello as novas infraestruturas hidráulicas durante o vindeiro ano 2023.

Esta intervención será financiada pola Unión Europea, no marco do eixe React-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

O detalle da actuación

Este núcleo de poboación, situado na parroquia de San Vicente do Navallo, dispón actualmente dunha rede de abastecemento de auga potable e dunha rede separativa de saneamento de augas residuais, na súa maior parte, con canalizacións instaladas hai máis de 30 anos.

A nova rede de saneamento de augas residuais será de tipo separativo, por gravidade, e inclúe a execución de 4 colectores, 9 ramais e 59 pozos de rexistro. A mellora proxectada supón unha lonxitude total de 1.442 metros para dar servizo a un total de 66 vivendas.

A obra da mellora da rede de abastecemento partirá do depósito regulador actual para dar servizo a 76 vivendas mediante unha rede de distribución ramificada, polas características do viario do núcleo, con zonas de deseño mallado onde é posible. A lonxitude total da mellora da rede proxectada é de algo máis de 2.000 metros.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos municipais de saneamento, depuración e abastecemento e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SADA PARA EXECUTAR A AMPLIACIÓN DA DEPURADORA MUNICIPAL, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 10,3 M€

- Trátase de dotar á instalación hidráulica de capacidade para tratar os volumes de auga almacenados na rede, minimizar os problemas actuais de vertedura en tempo de choiva e, no escenario futuro, todas as augas xeradas en tempo seco
- A Xunta, que financia integramente a actuación, prevé licitar as obras nas vindeiras semanas para inicialas no segundo semestre do 2023
- O Concello asume a posta á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- Os traballos inclúense no Plan director de saneamento do municipio como unha das actuacións prioritarias para a mellora do saneamento da ría de Ares–Betanzos
- As obras realizaranse en 2 fases e contan cun prazo estimado total de 33 meses, garantíndose durante a execución dos traballos o funcionamento da planta de tratamento de augas residuais nas distintas etapas previstas
- A nova depuradora de Sada quedará dimensionada para atender as necesidades dunha poboación de 24.393 habitantes no ano horizonte 2044 e unha achega industrial de 6.070 habitantes equivalentes

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Sada para executar a obra de ampliación da estación depuradora de augas residuais municipal, que suporá un investimento autonómico de máis de 10,3 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financiera da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, co Concello de Sada para adecuar a capacidade de tratamento da depuradora ás necesidades actuais do sistema de saneamento, segundo a normativa vixente. As actuacións teñen como finalidade dotar a instalación hidráulica de capacidade para tratar os volumes de auga almacenados na rede, minimizar os problemas actuais de vertedura en tempo de choiva e, no escenario futuro, todas as augas xeradas en tempo seco.

En cumprimento da colaboración autorizada hoxe polo Goberno galego, Augas de Galicia asume integramente o financiamento desta actuación, marcada como prioritaria no Plan director de saneamento no municipio de Sada impulsado pola Xunta, para a mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Ares–Betanzos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo esta colaboración técnico-financeira co Concello, Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, o Concello de Sada asume a posta á disposición e xestión dos terreos necesarios, a obriga de conseguir as autorizacións para a execución dos traballos, recibir as obras, así como o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración técnico-financeira, Augas de Galicia prevé licitar as obras nas vindeiras semana para inicialas no segundo semestre do 2023.

A actuación executarase en 2 fases e conta cun prazo estimado total de 33 meses. O cronograma do contrato establece o prazo de 3 meses para a redacción do proxecto construtivo, 10 meses para executar a 1ª fase das obras, 11 meses para a súa posta en marcha e execución da 2ª fase, e 9 meses para a posta en funcionamento desta segunda fase.

O funcionamento da planta de tratamento de augas residuais de Sada estará garantido en todas as diferentes etapas previstas nestas obras.

Os traballos estarán cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

O obxecto e desenvolvemento das obras

A depuradora de Sada non dispón na actualidade de capacidade hidráulica para xestionar os caudais xerados en tempo de choiva, e no futuro nin sequera podería tratar as augas xeradas en tempo seco, polo que é preciso dotar a instalación de capacidade hidráulica para tratar os volumes de auga almacenados na rede.

Para solucionar esta problemática impúlsanse a ampliación da actual estación de tratamento de augas residuais na mesma parcela que ocupa a estación depuradora actual.

Para iso, na primeira fase executarase unha liña de auga, que inclúe unha arqueta de repartición a pretratamento con bypass xeral, unha nova liña de pretratamento, consistente nun proceso de tamizado e desareadodesengraxado; a reconversión dunha liña do reactor biolóxico actual nun reactor biolóxico MBBR; medidor de caudal, arqueta e condución de vertedura á ría de Ares-Betanzos, dispoñendo ademais dunha arqueta

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para anular a formación de espumas, e válvula antirretorno para evitar calquera fluxo inverso.

Ademais, actuarase na liña de lodos actual, e instalarase, a continuación da deshidratación mecánica, un proceso de estabilización de lodos con capacidade igual, polo menos, á máxima capacidade da liña de lodos existente. Tamén se inclúen todas as instalacións auxiliares necesarias correspondentes a esta fase.

Seguindo o programa de traballo, e coa posta en marcha da primeira fase das obras, comezarán os traballos correspondentes á segunda fase de ampliación da depuradora de Sada. Nesta segunda fase completaranse as actuacións coas obras na liña de auga, que implican a construción da 2ª liña do pretratamento, arqueta repartidora de caudais pretratados, reconversión da 2ª liña do reactor biolóxico actual de lodos activos nun reactor MBBR e a arqueta de reunión de caudais dos efluentes dos 2 reactores biolóxicos.

Tamén se procederá á construción da decantación, equipo completo de tratamento terciario de desinfección por radicación ultravioleta con dúas liñas, cámara de lodos en exceso para as dúas liñas ou máis da decantación secundaria, bombas de lodos e de sobrenadantes, bombas de lodos en exceso.

En canto á nova liña de lodos, incluirá o espesador por gravidade cuberto e espesador dinámico, bombeo dos lodos espesados cara ao dixestor aerobio, dixestión aerobia dos lodos, estabilización química dos lodos, deshidratación mecánica, bombeo de lodos deshidratados e instalacións auxiliares.

Durante a execución das obras garantirase en todo momento o funcionamento da planta de tratamento de augas residuais segundo as diferentes etapas previstas, e ao seu remate procederase á demolición de todas as infraestruturas que queden fóra de servizo.

Mediante estas intervencións, a nova depuradora de Sada quedará dimensionada para atender as necesidades dunha poboación de 24.393 habitantes no ano horizonte 2044 e 6.070 habitantes equivalentes en achega industrial. Deste xeito, a depuradora dimensiónase para que poida tratar unha contaminación equivalente a máis de 30.000 persoas, para facer fronte ás necesidades de poboación fixa e estacional que reciba e da industria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA 2ª FASE DA MELLORA DA ESTRADA AC-862, ENTRE O CAMPO DO HOSPITAL E A PONTE MERA, CUN INVESTIMENTO DE 7,5 M€

- O Goberno galego licitará proximamente as obras desta nova actuación na estrada que comunica os concellos de San Sadurniño e Ortigueira, co obxectivo de iniciar os traballos na primavera de 2023
- Intervirase en preto de 3 km para mellorar a seguridade viaria, coa rectificación de 13 curvas de radio reducido, cunetas de seguridade e carrís lentos de adiantamento
- Na actuación inclúese a disposición de barreiras nos bordos da vía e a instalación de dispositivos de protección a motocicletas nas zonas de radio reducido
- Complétase a reforma desta estrada iniciada cunha 1ª fase de obras, que están a finalizarse no treito de 18 km entre San Sadurniño e O Campo do Hospital, acadando o investimento da Xunta nesta vía autonómica un total de preto de 15 M€
- A Xunta avanza na mellora das comunicacións das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, co obxectivo de reforzar a competitividade e as oportunidades de progreso

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras da 2ª fase de mellora da capacidade e da seguridade da estrada AC-862, entre O Campo do Hospital e A Ponte Mera, en Ortigueira.

Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade licitará as obras da nova fase de acondicionamento desta vía autonómica por un importe de preto de 6,8M€, co obxectivo de comezalas na primavera de 2023. O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación supera os 7,5 M€, en que se inclúen os máis de 675.000 € para o pagamento dos predios necesarios para executar a obra.

Trátase de rematar o acondicionamento da AC-862 entre San Sadurniño e Ortigueira, dando continuidade ás obras que se están a punto de culminar da 1ª fase de acondicionamento da AC-862, no treito de 18 km entre San Sadurniño e O Campo do Hospital, en que a Xunta está a investir case 7,2 M€.

O Executivo galego impulsa a materialización do acondicionamento integral da estrada AC-862, que suma un investimento global de case 15 millóns de euros no eixe Ferrol-Ortigueira.

Os orzamentos da Xunta de 2023 recollen un investimento de 4 millóns de euros para as actuacións de mellora da mobilidade nas comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que inclúen a segunda fase da mellora desta estrada AC-862, xunto coa estrada Viveiro-Cabreiros, a LU-540, xa na provincia de Lugo.

Ademais, as Contas da Xunta para 2023 reservan unha partida de 8 M€ para o desenvolvemento da vía de alta capacidade da Costa Norte no seu treito San Sadurniño-Sanguíñeira, con importantes compromisos plurianuais para os seguintes exercicios.

As obras obxecto de contratación

As obras, cuxa contratación se autorizou hoxe, comprenden actuacións en preto de 3 km da AC-862 para completar o acondicionamento desta vía autonómica ata Ortigueira, no tramo situado entre os puntos quilométricos 37+240 e 40+500, ao seu paso polos concellos de Ortigueira, Cerdido e Cedeira.

Máis en detalle, as actuacións previstas nesta 2ª fase teñen como obxectivo a mellora da seguridade viaria, tanto desde o punto de vista do tráfico rodado como dos demais usuarios da estrada.

Tamén se prevé a rectificación puntual de trece curvas de radio reducido, a rehabilitación do firme, a realización de cunetas de seguridade a modo de sobreancho practicable e a mellora xeral da vía coa ampliación da plataforma, dotando de carrís lentos treitos en pendente que permitan adiantamentos.

Na intervención inclúese a disposición de barreiras nos bordos da vía onde a altura de recheos supere os 3 metros de altura e a instalación de dispositivos de protección a motocicletas naquelas zonas que sexan de radio reducido. Tamén se procederá á retirada de toda a barreira nos treitos onde se comparta a sección coa plataforma actual, dado que se amplían as beiravías, e renovarase a sinalización horizontal e vertical en todo o tramo da actuación.

No marco da intervención executaranse tamén dúas obras de drenaxe transversal da estrada, nos puntos quilométricos 37+852 e 39+057, e o drenaxe lonxitudinal dos camiños de servizo.

O Goberno galego segue a traballar de forma moi intensa na mellora das comunicacións das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá, co obxectivo de reforzar a competitividade e as oportunidades de progreso dotándoas de mellores conexións como é a culminación do acondicionamento desta estrada AC-862.


Estas actuacións súmanse ás obras xa rematadas de mellora da seguridade viaria da estrada Valdoviño-Cedeira, en case 4 km da AC-566, desde a saída do núcleo urbano de Valdoviño ata A Ramalleira, que permitiron acurtar nun 30 % o tempo de percorrido grazas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a un investimento da Xunta de 4,7 M€; a mellorada estrada entre O Barqueiro e Bares, en Mañón; ou a tamén rematada de acondicionamento da AC-110 nas Somozas.

Plano de situación:




Planta da actuación na parte máis próxima ao Campo do Hospital:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ CON 300.000 EUROS A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL EN CHANTADA MÁIS AMPLA E ACCESIBLE

- O Consello autoriza a sinatura dun convenio co concello para a rehabilitación dunha edificación situada no núcleo urbano onde se trasladará a existente
- O Goberno autonómico achega a metade do investimento necesario para a posta en marcha desta nova infraestrutura que mellorará os servizos actuais

O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración co concello de Chantada con que impulsará con 300.000 euros a construción dunha nova biblioteca que mellorará os servizos da actual. A actuación conta cun investimento global de máis de 589.461 euros, dos que o Goberno autonómico achegará a metade.

Ao abeiro desta colaboración, restaurarase un edificio situado no núcleo urbano onde se trasladarán os servizos da actual, que co paso dos anos se amosou insuficiente para albergar o volume de libros e mellorará tamén as súas condicións de accesibilidade.

Con esta medida, a Xunta continúa a reforzar o sistema bibliotecario galego con distintas medidas que, ademais da mellora das infraestruturas culturais dos concellos, inclúen o crecemento e actualización das coleccións e dotación de recursos electrónicos, a dinamización da lectura ou a formación, cun orzamento global que supera os 2M€. Ademais, estase a traballar na posta en marcha das Bibliotecas Móviles, unha iniciativa que permitirá estender estes servizos a toda a cidadanía galega e que avanza para implantala de xeito piloto en 20 concellos rurais das provincias de Lugo e Ourense.

Actualmente a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia está composta por un total de 295 servizos bibliotecarios con máis de 6,6 millóns de exemplares, 17.000 postos de lectura e máis de 4.100 informatizados distribuídos por todo o territorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O ACORDO COA FEGAMP, Á CAL LLE ACHEGA CASE 659.000€ PARA A LIMPEZA DE 34 CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

O acordo entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o ente local enmárcase na colaboración entre administracións a prol da eficiencia na prestación de servizos públicos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) de toda a xeografía galega. En total, o departamento educativo da Xunta de Galicia destinará 658.864 euros para este fin, que serán aboados á Fegamp para que se encargue da contratación.

O convenio enmárcase no acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp no ano 2008 para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino (a razón de 12 na Coruña, oito en Lugo, sete en Ourense e outros sete en Pontevedra), logo da adhesión dos respectivos concellos ao citado acordo marco.

O obxectivo deste acordo é manter unha coordinación entre administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficaz e eficiente posible. Deste xeito evítanse tamén duplicidades e favorécese un uso responsable dos recursos.

Os centros públicos integrados son unha tipoloxía de centros educativos radicados en zonas de baixa poboación que acollen alumnado das etapas de infantil, primaria e secundaria.

Listaxe de centros beneficiados:

CONCELLO	CPI
BERGONDO	CPI DE CRUZ DO SAR
BOQUEIXÓN	CPI ANTONIO ORZA COUTO
CARRAL	CPI VICENTE OTERO VALCÁRCEL
CERCEDA	CPI O CRUCE
DODRO	CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN
FENE	CPI A XUNQUEIRA
MAZARICOS	CPI DA PICOTA

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MESÍA	CPI DE XANCEDA
MONFERO	CPI VIRXE DA CELA
ROIS	CPI DOS DICES
VAL DO DUBRA	CPI DE BEMBIBRE
VEDRA	CPI DE VEDRA
BARALLA	CPI LUIS DÍAZ MORENO
CASTROVERDE	CPI DE CASTROVERDE
CERVANTES	CPI DE CERVANTES
COSPEITO	CPI VIRXE DO MONTE
FOLGOSO DO CAUREL	CPI DE SEOANE
GUNTÍN DE PALLARES	CPI TINO GRANDÍO
PEDRAFITA DO CEBREIRO	CPI UXÍO NOVONEIRA
TABOADA	CPI SAN TOMÉ DE CARBALLO
CARBALLEDA DE VALDEORRAS	CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
CASTRO CALDELAS	CPI VIRXE DOS REMEDIOS
COLES	CPI ANTONIO FAILDE
GUDIÑA, A	CPI LAUREANO PRIETO
MASIDE	CPI DE MASIDE
PADRENDA	CPI DE PADRENDA-CRESPOS
SAN CRISTOVO DE CEA	CPI VIRXE DA SALETA
CAÑIZA A	CPI DA CAÑIZA
PAZOS DE BORBÉN	CPI CURROS ENRÍQUEZ
PONTECESURES	CPI DE PONTECESURES
PORTAS	CPI DOMINGO FONTÁN
RIBADUMIA	CPI JULIA BECERRA MALVAR
ROSAL, O	CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER
VILABOA	CPI DO TOURAL

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A AXENDA DA MINARÍA SUSTENTABLE DE GALICIA PRETENDE CONSOLIDAR O SECTOR COMO UN ALIADO ESTRATÉXICO PARA A MODERNIZACIÓN DAS PRINCIPAIS CADEAS DE VALOR DA INDUSTRIA

- Destaca que, cun investimento público de preto de 32M€ ata 2024, contribuirá “a fortalecer a competitividade do sector”
- Subliña que a minaría é un “sector estratéxico” en Galicia que “non pode quedar ao marxe da transición ecolóxica” que está a vivir todo o tecido industrial
- A axenda é froito dun traballo consensuado co sector e dá resposta ás súas necesidades en materia de dixitalización, formación ou innovación
- Haberá incentivos para as pemes en materia de modernización tecnolóxica 4.0, tamén no eido da sustentabilidade e da seguridade; impulsaranse novos ciclos formativos como o da pedra natural; e promoverase a dixitalización administrativa para favorecer a tramitación e accesibilidade
- Galicia, que representa case o 10% da produción mineira estatal, é líder en materias como a lousa, o granito, o cuarzo e as rochas ornamentais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou hoxe tras a reunión semanal do Consello que o Goberno galego vai pór en marcha a Axenda da Minaría Sustentable de Galicia 2030, unha nova ferramenta a modo de folla de ruta que está consensuada co sector e busca “fortalecer a competitividade do sector de xeito sostible” e converter a minaría “nun aliado estratéxico doutras industrias fundamentais” na Comunidade.

Rueda destacou que o sector da minaría “non pode quedar ao marxe da transición ecolóxica” que está a vivir todo o tecido industrial e, por iso, Galicia porá en marcha por primeira vez esta Axenda que “estará dotada de 32 M€ ata 2024”.

Esta folla de ruta, segundo explicou o presidente, busca facer do sector mineiro un aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industrial, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abastece de xeito sustentable coas materias primas autóctonas. De feito, a industria das materias primas minerais ten “un papel clave” como provedora de sectores estratéxicos de Galicia en que se pretende avanzar cara a un novo modelo industrial baseado nunha economía descarbonizada e dixitalizada, como pode ser “a automoción, o téxtil, a electrónica ou a construción”, destacou.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De xeito paralelo, fortalecerase a competitividade do sector a través dun proceso sustentable de innovación tecnolóxica e de crecemento empresarial que permitirá xerar riqueza e emprego.

Tres obxectivos estratéxicos

Para alcanzar os seus obxectivos, a axenda marca tres obxectivos estratéxicos, nove eixes de actuación e un total de 29 medidas concretas que dan resposta ás necesidades do sector en materia de dixitalización, formación ou innovación. Así, os tres obxectivos son alcanzar a modernización e o crecemento do sector da minaría en Galicia de xeito sustentable; o fortalecemento do talento humano e da responsabilidade social; así como lograr a integración ambiental, o impulso da economía circular e a posta en valor do patrimonio mineiro.

En canto aos eixes de actuación, preténdese, en primeiro lugar, avanzar na dixitalización da administración mineira para favorecer tanto a tramitación como a accesibilidade, así como impulsar plans de labores dixitais e o Portal galego de administración mineira.

En segundo termo, tamén se vai promover a dixitalización das empresas e a innovación. Farase a través de incentivos económicos para pemes no eido da modernización tecnolóxica e da mellora da seguridade industrial a través de tecnoloxías 4.0; así como coa creación dunha oficina para a captación, coordinación e seguimento de fondos europeos de investigación, innovación e modernización.

O terceiro eixe céntrase na mellora da sustentabilidade sectorial a través de incentivos económicos, e tamén na procura de financiamento para promover a restauración mineira e a realización de actividades turísticas. Neste eixe tamén se inclúe a promoción do sector das augas minerais e termais e o fomento de sistemas de xestión mineira sustentable e economía verde.

En cuarto lugar, apostarase pola valorización dos recursos ecolóxicos fomentando o estudo, exploración e investigación técnica dos recursos naturais, xeolóxicos e mineiros, así como a investigación de materias críticas existentes en Galicia e o seu potencial.

A valorización económica será o quinto eixe e prevé actuacións como a creación dun grupo de traballo permanente cos sectores estratéxicos ou a creación dun portfolio cos recursos naturais dispoñibles en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As medidas para mellorar a seguridade e saúde laboral ocuparán un lugar destacado con incentivos para impulsar proxectos tecnolóxicos que axuden a reducir accidentes e para outros aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Incorporación das mulleres e a mocidade

O capital humano protagoniza o sétimo eixe que se centra tanto na mellora formativa con novidades como a implantación de novos ciclos medios técnicos en escavacións e sondaxes e pedra natural; a igualdade a través dun plan para a formación e o acceso de mulleres ao sector das industrias extractivas; así como a incorporación da mocidade.

Os dous últimos eixes están enfocados na comunicación e difusión a través de foros; e na gobernanza, coa creación dun comité executivo de desenvolvemento mineiro, entre outros aspectos.

Con esta axenda, tal e como resaltou Rueda, a Xunta busca apoiar "un sector estratéxico como o mineiro" cunha produción anual por riba dos 246M€ - "case o 10% da produción mineira estatal", resaltou- e do que "Galicia é líder nacional en materiais como a lousa, o granito, o cuarzo e as rochas ornamentais". Ademais, as distintas medidas tamén pretenden reforzar o seu valor social, xa que se trata dun sector en que as pemes e as familias teñen un gran protagonismo e un efecto multiplicador na economía e o emprego do rural contribuíndo a fixar poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS AXUDAS DA XUNTA PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS ACADAN EN 2022 O SEU IMPORTE MÁIS ALTO (4,6 MILLÓNS DE EUROS)

Desde o exercicio 2019, o Goberno galego destinou un total de 10,34 millóns de euros a subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos, resultando beneficiarias un total de 1.741 entidades

A Secretaría Xeral para o Deporte informou o Consello da Xunta da convocatoria de subvencións a clubs e federacións deportivas de Galicia para a adquisición de equipamento deportivo. Neste sentido, a Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se procede á segunda convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos para o ano 2022, publicarase no DOG na data do 28 de outubro. En total, a segunda convocatoria chegará ata preto dos 4 millóns de euros (3.914.387 euros) que se estima que beneficien 717 entidades e que se suman aos 700.000 euros da primeira convocatoria resolta no pasado mes de agosto e que beneficiaron 97 entidades (73 clubs e 24 federacións).

Con todo, os máis de 4,6 millóns de euros que se investirán en 2022 para a adquisición de equipamentos deportivos acadan o máximo histórico anual dirixido a este obxecto e representan o 44,61 % do total do investimento da Xunta de Galicia no período 2019-2022 e o 46,7 % de entidades beneficiarias neste mesmo período. Desde o exercicio 2019, o Goberno galego destinou un total de 10,34 millóns de euros a subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos, resultando beneficiarias un total de 1.741 entidades.

Cómpre lembrar que no ano 2021, e grazas aos fondos de consenso recibidos, a Secretaría Xeral para o Deporte tamén elaborou unha segunda convocatoria para equipamentos deportivos por importe de 1,9 millóns de euros que sumados aos 700.000 euros da primeira convocatoria de 2021 acadaron un total de 2,6 millóns de euros para equipamentos deportivos durante todo o ano 2021. O importe total destinado en 2022 para equipamentos deportivos supera nun 77 % ao consignado no pasado exercicio.

80 % do gasto subvencionable

Do mesmo xeito que en anos anteriores, a relación de equipamentos deportivos subvencionables non será limitativa e pódese ampliar a lista de material inventariable sempre que quede xustificada a súa utilización para a práctica deportiva desenvolta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As entidades beneficiarias deben estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia á data da publicación da convocatoria anual de subvencións e ter actualizados os seus estatutos ás disposicións vixentes en materia deportiva.

O financiamento outorgado polo Goberno galego será do 80 % do gasto subvencionable establecéndose como importe mínimo unha contía de 1.000 euros e máximo de 10.000 euros por entidade, equiparándose por vez primeira a máxima contía dos clubs es das sociedades anónimas coa das federacións. Precisamente, para as federacións deportivas resérvase o 30 % do orzamento total da convocatoria.

A adquisición do equipamento deportivo por parte das entidades solicitantes dependerá da puntuación acadada segundo a aplicación dos criterios establecidos. Nesta convocatoria daráselle maior peso aos méritos da entidade deportiva así como ao ámbito subxectivo do uso do equipamento.

Ademais, as entidades que recibiron axuda en 2021 poderán volver recibir subvención na convocatorias de 2022. Non obstante, as entidades que non recibiran subvención neste exercicio contarán con 20 puntos co obxectivo de achegar estas subvencións ao máximo de entidades posibles ao longo desta lexislatura.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA RECORRERÁ ANTE A XUSTIZA A DECISIÓN DO GOBERNO CENTRAL DE BLOQUEAR A TRANSFERENCIA A GALICIA DOS 4,3 M€ COMPROMETIDOS PARA O LOBO

- Lamenta que o Executivo decida excluír a comunidade galega destes fondos “de maneira unilateral e sen fundamento legal que o xustifique”
- Lembra que as tres comunidades que aglutinan ao 93% dos lobos de España -Galicia, Cantabria e Castela e León- quedan sen financiación por votar en contra da Estratexia nacional do lobo
- Segundo a repartición territorial acordada na conferencia sectorial do pasado mes de xullo, á Comunidade correspóndenlle 2,4 M€ para medidas preventivas e 1,9 M€ para paliar os danos da especie pero o Ministerio decidiu deixala sen fondos
- O Goberno autonómico triplicará en 2023 o seu esforzo orzamentario para axudar o sector agrogandeiro na aplicación de medidas de prevención fronte a estes animais
- Por primeira vez convocarase unha orde de incentivos para contratar persoas coidadoras do gando en extensivo ademais das axudas habituais para instalar valados, comprar cans, pastores eléctricos e cerrumes móbiles de malla electrificada

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego recorrerá ante a Xustiza a decisión do Executivo central de bloquear a transferencia a Galicia dos 4,3 millóns de euros que lle corresponden dos orzamentos estatais reservados para o lobo. “O Goberno decidiu excluír a nosa comunidade dese reparto de maneira unilateral a sen fundamento legal que o xustifique”, denunciou Rueda.

O titular do Goberno autonómico lamentou que o único argumento esgrimido pola Administración central é que Galicia votou en contra da Estratexia para a convivencia das actividades do medio rural co lobo e a súa conservación e resaltou que isto fai que as tres comunidades que aglutinan o 93% dos exemplares de lobos de España -Galicia, Cantabria e Castela e León- queden fóra do reparto de fondos.

“Non se entende que aínda que se vote en contra quedemos fóra, xa que os efectos e prexuízos seguen a producirse e foron *in crescendo*”, argumentou Rueda sobre esta “exclusión arbitraria”.

Segundo o acordo adoptado na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente do pasado 28 de xullo, Rueda lembrou que Galicia debería recibir este ano 2,4 millóns de euros para medidas preventivas fronte ao lobo e 1,94 millóns para paliar os danos causados por esta especie. Non obstante, apenas un mes despois da dita reunión, o Ministerio para a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miterd) decidiu deixar fóra da repartición a Galicia por votar en contra da Estratexia para a convivencia das actividades do medio rural co lobo e a súa conservación.

Tendo en conta o ocorrido, o presidente da Xunta explicou que o Consello aprobou esta mañá o acordo polo que autoriza a Asesoría Xurídica Xeral a interpoñer un recurso contencioso-administrativo contra as resolucións do Miterd, en virtude das cales unicamente recibirán fondos para o lobo aquelas comunidades que non emitiron un voto contrario ao referido documento.

As tres principais comunidades lobeiras, en contra da Estratexia

Neste sentido, cómpre recordar que nesa conferencia sectorial algunhas das principais comunidades lobeiras do país —entre elas, Galicia— se opuxeron á aprobación da Estratexia, co argumento principal de que o documento non inclúe un balance dos resultados da estratexia anterior, nin foi redactado a partir dun censo nacional que permita actualizar e cotexar os últimos datos dispoñibles sobre a especie.

Durante esa mesma reunión, tamén se acordou a asignación e distribución territorial tanto dos fondos correspondentes á realización de medidas preventivas para a xestión do lobo ibérico, como dos reservados a paliar os danos producidos á gandaría extensiva.

En función dos criterios e da repartición territorializada aprobados na conferencia sectorial, Rueda lembrou que a Xunta tiña comprometidos para este ano un “total de 4,3 millóns de euros”. Pero posteriormente e en contra dos acordos adoptados en xullo, o Miterd vinculou a transferencia efectiva dos fondos á aprobación da Estratexia do lobo, unha condición que non figura entre os criterios obxectivos de distribución aprobados no marco da conferencia sectorial, órgano competente para tomar este tipo de decisións.

Por todo o exposto, o Goberno autonómico recorrerá as resolucións do Ministerio que deixan fóra da repartición a Galicia, ao considerar que lle impiden o acceso a uns fondos previstos nos orzamentos do Estado que ten lexítimo dereito, co fin de preservar os intereses dos gandeiros e a conservación da especie no seu territorio.

O tripló de axudas para prevención

Con independencia do recurso contra o Miterd e do seu resultado, o presidente da Xunta transmitiulles aos galegos que poden estar tranquilos e que “non van quedar desprotexidos”. Así, anunciou que o Goberno galego adoptará outras medidas co fin de garantir a protección do medio rural e a súa convivencia en equilibrio con esta especie,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mobilizando nos orzamentos do ano que vén un total de 2,5 millóns de euros a través de diferentes liñas de incentivos.

En concreto, Rueda salientou que Goberno galego “triplicará en 2023 o seu esforzo orzamentario para axudar o sector agrogandeiro na aplicación de medidas de prevención fronte aos ataques destes animais”. Así, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda reservará 1,9 millóns de euros –fronte aos 600.000 euros mobilizados este ano– a financiar 3 ordes de subvencións para prever e minimizar o impacto do lobo.

Por un lado, segundo explicou o presidente autonómico, convocarase por primeira vez unha liña de incentivos para contratar persoas coidadoras do gando en explotacións en réxime extensivo para desenvolver tarefas de pastoreo e manexo das reses, unha liña novidosa con que se busca fomentar as boas prácticas e unha xestión axeitada das granxas co fin de reducir os danos do lobo sobre as producións e garantir un desenvolvemento rural máis sustentable.

Así mesmo, manteranse tamén as axudas habituais para aplicar outro tipo de medidas preventivas nas explotacións agrogandeiras. En todo caso, como novidade para o vindeiro ano, convocaranse dúas ordes diferenciadas: unha delas só para adquirir e instalar valados fixos, e a outra, para a compra e manutención de cans protectores, a adquisición de pastores eléctricos e a colocación de cerrumes con malla.

En canto ás indemnizacións polos danos causados polo lobo, o mandatario galego remarcou que a Xunta destinará 646.000 euros –a mesma contía que este ano– a convocar unha nova liña de axudas para compensar os afectados polas perdas derivadas dos ataques desta especie.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA CON 3,3M€ O TRABALLO DOS 260 AXENTES DE EMPREGO DE GALICIA QUE PRESTARÁN APOIO E ASESORAMENTO Á REDE DE POLOS DE EMPRENDEMENTO

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade financia a contratación deste persoal nos concellos e entidades sen ánimo de lucro
- O Consello da Xunta autorizou hoxe por valor de 1,1M€ a convocatoria de axudas para que as entidades contraten ou renoven os seus axentes laborais que orientan as persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social
- O programa de apoios para este fin dirixido aos concellos contou este ano cun investimento de 2,2 millóns

Os máis de 260 axentes de emprego de Galicia que prestan servizos de orientación e asesoramento laboral ás persoas desempregadas nos concellos e entidades sen ánimo de lucro e, que a Xunta financia a súa contratación con 3,3 millóns de euros, ofrecerán tamén, a partir de agora, os seus coñecementos á Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego de Galicia, que iniciou a súa andadura este ano para acompañar desde o comezo e durante cada etapa ás persoas emprendedoras que inician a súa traxectoria empresarial.

O Consello da Xunta informou hoxe sobre este novo apoio que prestarán os axentes de emprego aos emprendedores e abordou a orde de axudas por valor de 1,1 millóns de euros destinada á contratación destes axentes en entidades sen ánimo de lucro. Os apoios dirixidos á contratación destes profesionais nos concellos (AEDLs), xa saíu publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) por 2,2 millóns o pasado mes de setembro.

Co programa destinado ás entidades sen ánimo de lucro, que sairá publicado mañá no DOG, prevese a contratación duns 42 axentes de emprego e unidades de apoio que orientarán no eido laboral ás persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, ou persoas con especiais dificultades de inserción socio-laboral. A Xunta financiará estes contratos con 27.000 euros por persoa (12 meses) e ás unidades de apoio (auxiliares técnicos) con 18.500 euros por persoa (12 meses). Os 42 axentes e unidades de apoio sumaranse aos 220 dos concellos galegos, para conformar a Rede de Axentes de Emprego de Galicia que centra o seu labor no impulso á xeración de emprego no eido local.

Entre as actuacións desta Rede inclúense a promoción da igualdade de oportunidades e o acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais, asesorando e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira destes e aplicando técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados, para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

As diferentes estratexias de activación para o emprego recollen entre os seus principios de actuación o de colaboración con axentes de interlocución social e outros axentes públicos e privados, sectoriais ou locais, para xerar redes de confianza, obter mellor información e reforzar as dimensións territorial e sectorial das políticas activas de emprego.

O impulso a esta Rede de Axentes de Emprego e o apoio que prestarán a partir de agora á Rede de Polos de Emprendemento forma parte da nova estratexia de Emprego da Xunta de Galicia, Xempre Contigo, que busca desenvolver unha planificación global que permita a Galicia seguir avanzando na senda do crecemento e crear emprego de calidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA AXUDA DE 12.000 EUROS AO ANO PARA AS PERSOAS CON ELA

- O presidente da Xunta destaca que Galicia será “a primeira comunidade” en contar cunha liña de axudas “directa e inmediata” para os pacientes con Esclerose Lateral Amiotrófica
- Resalta que a Administración autonómica habilitará nos Orzamentos de 2023 unha partida de 3,2 millóns de euros para este fin
- Subliña que obxectivo do Goberno galego é axudar aos doentes e ás familias a afrontar o “gran custo económico” que supón esta enfermidade progresiva, sen cura e altamente incapacitante
- Estas achegas van encamiñadas a apoiar os gastos extraordinarios na compra de material sanitario ou na adaptación da vivenda e o vehículo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai poñer en marcha unha axuda para apoiar as persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) nos gastos extraordinarios que teñen que realizar por mor desta enfermidade progresiva, sen cura e altamente incapacitante. “O Consello deu hoxe o visto e praxe a unhas axudas de 12.000 euros ao ano por paciente e que contarán cunha partida de 3,2 M€ no 2023”, explicou.

Rueda destacou que, deste modo, “Galicia vai ser a primeira comunidade en pór a disposición das persoas con ELA unha axuda directa e inmediata”. O obxectivo é axudar ás familias a facer fronte ao “gran custo económico” que supón este diagnóstico, xa que unha persoa con ELA pasa nuns meses de ser plenamente autónoma a ter unha gran dependencia.

Tal e como explicou o presidente autonómico, co diagnóstico de ELA elévanse os gastos máis básicos como a alimentación, o coidado ou a rehabilitación e tamén xorden outros de grande importancia como a compra de material sanitario, guindastres, cadeiras de rodas, colchóns especiais ou camas articuladas. Así mesmo, é preciso adaptar fogares para realizar, por exemplo, melloras de accesibilidade en baños ou dormitorios, así como para a colocación de elevadores ou ascensores. Ademais, nestes pacientes é necesario adquirir vehículos adaptados.

En Galicia hai máis de 250 persoas con ELA, e cada ano diagnostícanse 30 novos casos. Por iso, o Goberno galego quere achegar un apoio directo e inmediato ás persoas con esta enfermidade, ás súas familias e a entidades como AgaELA, que os representa e cos que a Xunta mantén un espírito de colaboración continuo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia, á vangarda

Esta non é primeira vez que Galicia se sitúa á vangarda neste ámbito. No 2018 tamén foi pioneira ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao amparo deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse vías rápidas: a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico; e a nivel social, abrindo unha vía preferente para que as solicitudes de dependencia da ELA se tramiten en menos dun mes.

Ademáis, o presidente da Xunta fixo fincapé no avance realizado nos últimos 13 anos nos servizos e axudas en atención á dependencia. Neste sentido, resaltou que, desde 2009, o número de persoas dependentes atendidos en Galicia multiplicouse por catro ao pasar dos 15.000 de 2009 aos máis de 66.000 dependentes atendidos na actualidade pola Administración.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA WEB PARA ACCEDER A TODA A INFORMACIÓN SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA

- O Consello da Xunta coñeceu o informe da Consellería do Medio Rural sobre o novo portal que está a centralizar o acceso a toda a información relativa á execución das aldeas modelo, dos polígonos agroforestais ou das agrupacións de xestión conxunta
- O obxectivo do Sistema de Información de Terras de Galicia é garantir a transparencia sobre todos os traballos que se están a levar a cabo ao abeiro das distintas figuras, fomentando a participación pública para continuar coa súa posta en marcha
- Nestes momentos, na nova web de Sitegal pódese acceder a sete seccións distintas, en que se permite descargar 723 arquivos correspondentes a documentos, mapas, vídeos e presentacións
- Proximamente estarán dispoñibles novas funcionalidades, como a ferramenta para a xestión do Banco de Explotacións ou unha aplicación de participación pública que servirá de apoio nas reunións con interesados nos instrumentos de recuperación

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre a nova web posta en marcha pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para acceder a toda a información relativa ao desenvolvemento e aplicación da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, en vigor desde o ano pasado. O denominado Sistema de Información de Terras de Galicia (Sitegal: <https://info-sitegal.xunta.gal/gl>) está a integrar xa todos os datos relativos aos diferentes instrumentos de ordenación, de mobilización e de recuperación de terras regulados na norma, uns datos que irán aumentando a medida que as aldeas modelo, os polígonos agroforestais ou as agrupacións de xestión conxunta se sigan estendendo por toda a comunidade.

Así, froito da colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e co Instituto de Estudos do Territorio, nestes momentos desde a nova web de Sitegal pódese acceder a sete seccións distintas, desde as que se poden descargar 723 arquivos correspondentes a documentos, mapas, vídeos e presentacións. Os obxectivos principais son garantir a transparencia sobre todos os traballos que se están a levar a cabo nos distintos instrumentos e fomentar a participación pública para continuar coa súa posta en marcha.

En concreto, tal e como se recolle na propia Lei de recuperación da terra agraria, o Sitegal actuará como sede electrónica do Banco de Terras de Galicia, integrando nel os procedementos de incorporación, solicitudes de arrendamento ou notificacións e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

registros. Tamén recollerá nun sistema de información xeográfica todas as referencias cartográficas das parcelas do Banco de Terras que están á espera de ser incorporadas, as xa incorporadas, nos seus diferentes estados, e as que foron xa dadas de baixa.

Así mesmo, a nova web aglutinará os datos procedentes de aldeas modelo e de polígonos agroforestais, así como os procedentes do Banco de Explotacións, do Rexistro de Polígonos Agroforestais e do Rexistro de Agrupacións Agroforestais de Xestión Conxunta. Ademais permitirá ás persoas usuarias o acceso web a distintos datos alfanuméricos e cartográficos e servirá de acceso á sede electrónica da Xunta de Galicia para todos os procedementos desenvolvidos na Lei de recuperación.

Detalles da nova web

Tanto a través de iconas como desde un menú principal, desde a nova web pode accederse á aplicación web do Banco de Terras, a través da cal os cidadáns poderán incorporar parcelas ou solicitar o arrendamento dos predios dispoñibles no Banco. Tamén hai publicada información xeográfica dos instrumentos de recuperación. Así, canto aos polígonos agroforestais, dáse conta dos 21 que están en execución -que abranguen un total de 8.788 hectáreas, 7.249 parcelas e 26.431 titulares- ou sobre as 707 masas de concentración ou reestruturación parcelaria superiores a 10 ha que presentan un estado de abandono en máis do 50 % da súa superficie, polo que son áreas preferentes para implementar esta figura. Sobre as aldeas modelo, reflíctense as 21 declaradas -que abranguen unha superficie de 574 ha e 9.346 parcelas de 2.359 titulares- así como as sete aldeas modelo en fase de recollida de sinaturas -que suman 194 ha, 3.395 parcelas e 901 titulares-.

Nun futuro, accederase tamén a aplicacións informáticas específicas -que xa están en desenvolvemento- para a xestión das aldeas modelo, dos polígonos agroforestais e do Banco de Explotacións (o instrumento público de mediación que terá a finalidade de facilitar a posta en contacto entre titulares de explotacións que abandonan a actividade e persoas interesadas en incorporarse a elas, co obxectivo de garantir a continuidade e a remuda xeracional no agro). Ademais, accederase á información dos instrumentos de ordenación e planificación: o Mapa de usos agroforestais e o Catálogo de solos agropecuarios e forestais.

A maiores, están elaborándose novas funcionalidades para contribuír ao desenvolvemento dos obxectivos marcados na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Por exemplo, estase a traballar nunha app de participación pública, que busca servir de apoio nas reunións con persoas propietarias de parcelas ou interesadas nos instrumentos de recuperación de terras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, cómpre apuntar que o portal inclúe unha epígrafe de novas de interese e outra con material divulgativo sobre a Lei de recuperación, en que se poden atopar vídeos resumo e presentacións sobre os diferentes procedementos e instrumentos regulados na Lei de recuperación. Todo este material forma parte do plan de divulgación da norma e atópase dispoñible para o seu emprego por parte do persoal técnico da Consellería do Medio Rural, dos grupos de desenvolvemento rural (GDR), do persoal técnico dos concellos ou de calquera outra persoa interesada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ESTIMA PRODUCIR NOS SEUS VIVEIROS FORESTAIS ATA 17.300 PLANTAS ANUAIS SOBRE TODO DE FRONDOSAS E CONÍFERAS

- Así se recolle nun informe da Consellería do Medio Rural que detalla estas actuacións e que foi avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego
- No documento incídese na aposta da Xunta por potenciar, no marco do Plan forestal de Galicia, a actividade nos viveiros, como fórmula para conservar os recursos xenéticos e para dispoñer de planta en cantidade, calidade e sanidade
- A Xunta inviste no período 2019-2023 arredor de medio millón de euros nestas tarefas e prevé destinar uns 200.000 euros anuais ata 2027 neste mesmo eido da mellora forestal, chegando a un total de un millón de euros ao final do período

A Xunta prevé producir nos seus viveiros forestais ata 17.300 plantas anuais, unha estimación especialmente orientada cara as frondosas autóctonas (caso do carballo ou o castiñeiro) e as coníferas de alta calidade xenética (especialmente o piñeiro). Así se recolle nun informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego. No documento incídese na aposta da Xunta por potenciar, no marco do Plan forestal de Galicia, a actividade nos viveiros, como fórmula para conservar os recursos xenéticos e para dispoñer de planta en cantidade, de calidade e con boa sanidade.

Así, esta planta terá diferentes destinos, entre eles a execución de traballos e ensaios de conservación e manexo dos recursos xenéticos forestais, as repoboacións de devasas (faixas cortalumes) e de montes de xestión pública ou o seu uso en actos institucionais ou para doazóns con fins educativos e ambientais (por exemplo, para conmemorar datas como o día da árbore ou semellantes).

Neste contexto, e tal como se recolle no informe, a Consellería do Medio Rural está a investir -entre o ano 2019 e o vindeiro 2023- arredor de medio millón de euros en diferentes actuacións relacionadas cos seus viveiros da Falmega (Oroso), Santa Cruz (Oleiros) e Sambreixo (Guitiriz). De cara ao futuro, a Xunta prevé investir uns 200.000 euros anuais nesta materia, no seguinte período de execución do Plan estratéxico-PAC (2023-2027), chegando a un investimento total de un millón de euros ao final do período.

Ademais, tamén se potenciarán os viveiros de Os Trollos, localizado no concello lugués de Bóveda, e da Chaira, situado no municipio ourensán de Pereiro de Aguiar. Estas instalacións non son propiedade da Xunta, pero existe un acordo cos seus titulares para o seu aproveitamento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A planta producida ten diversidade de destinos dentro do territorio galego. Por iso, o estado de saúde do material vexetal distribuído deberá estar libre de pragas ou doenzas para evitar a súa expansión. Neste sentido, identificar e prever as posibles afeccións forma parte das rutinas instauradas nos viveiros.

O impulso aos viveiros forestais repercute na mellora do sector en particular e, por extensión, do monte galego en xeral. Tendo en conta que arredor do 98 % do territorio forestal galego está en mans privadas, as repercusións sobre a cidadanía son directas e moi positivas, segundo se desprende do devandito informe.

Ademais, o principal obxectivo destas actuacións pasa por afianzar as actividades que se desenvolverán nas instalacións dos viveiros, adaptándoas ás necesidades actuais, ademais de enmarcar estas nos obxectivos e medidas establecidas na primeira revisión do Plan forestal de Galicia "cara á neutralidade carbónica".

Así, o eixo I do Plan forestal de Galicia 2021-2040 refírese á contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais. Neste sentido, prevé crear o informe de rede de parcelas de alto valor xenético e xestión de materiais de base que, a través desta conservación ex situ dos recursos xenéticos, permitirá asegurar a calidade do material forestal xenético subministrado, fixando como indicador a creación dun total de 20 parcelas no período 2021-2025. Entre finais do ano 2021 e principios do 2022 quedaron instaladas nos viveiros xestionados pola Comunidade novas parcelas que se encadran no Plan de conservación e mellora xenética forestal. Estes hortos de semente e coleccións afondan na coordinación entre os viveiros forestais xestionados e o Centro de Sementes da Comunidade Autónoma.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA